

PROCESO SELECTIVO, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DA XERENCIA DO 13 DE FEBREIRO DE 2025, PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE AGARDA PARA CUBRIR TEMPORALMENTE POSTOS DA CATEGORÍA PROFESIONAL TÉCNICO/A DE INVESTIGACIÓN, ÁREA BIOLOXÍA-SAÚDE (ANIMALARIOS), GRUPO III, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Exercicio: 2º Exercicio, tipo test

Duración: 45 minutos

Santiago de Compostela, 05 de maio de 2025.

Non abra este caderno ata que o indique o tribunal

1. **Que dato de identificación debe figurar no documento de traslado dun grupo de peixes segundo o RD 53/2013?**
 - a) Número e identificación dos animais por especie
 - b) Peso medio dos peixes trasladados e o número
 - c) Data de nacemento de cada peixe trasladado
 - d) A identificación dos animais por especie e o seu peso

2. **Segundo a Lei 32/2007, que consecuencia tería para un centro de experimentación non rexistrar adecuadamente a un grupo de ratos utilizados nun procedemento?**
 - a) Unha infracción leve con apercibimento
 - b) Unha infracción grave por falta de inscrición rexistral esixible
 - c) A clausura inmediata do centro
 - d) Ningunha sanción se os animais non sufriron dano

3. **Segundo o establecido no RD 53/2013, cal das seguintes afirmacións é incorrecta?**
 - a) No rexistro diario de datos debemos facer constar a temperatura
 - b) Para o rexistro de entradas de animais nun centro usuario débese anotar como mínimo o enderezo do centro de cría ou subministrador
 - c) Nas fichas identificativas das unidades de cría débese rexistrar como mínimo o código de proxecto
 - d) O método de eutanasia aplicado sobre os animais é necesario rexistralo só cando se aplican métodos non especificados no RD 53/2013

4. **Cal dos seguintes procedementos se considera leve segundo o RD 53/2013?**
 - a) O confinamento de ratos durante 48 horas en gaiolas metabólicas
 - b) A retirada de alimentación a ratas adultas durante un período de 48 horas
 - c) Procedementos superficiais como biopsias de orellas e rabo en ratos
 - d) Producción de animais xeneticamente modificados mediante procedementos cirúrxicos

5. **Cal destas teorías establece ao home como única entidade moralmente válida e con valor intrínseco?**
 - a) Teoría zoocéntrica e biocéntrica
 - b) Teoría antropocéntrica
 - c) Teoría zoocéntrica
 - d) Teoría biocéntrica

6. Que é o especismo?

- a) É a teoría acerca da superioridade da especie humana fronte ao resto de especies animais
- b) Esta palabra non se refire a ningún concepto dentro da ética animal
- c) É a reflexión moral sobre a superioridade das persoas maiores
- d) É a reflexión moral da sociedade sobre os dereitos e a xerarquía das especies

7. Cales son os "Tres Erres" de Russell e Burch na experimentación?

- a) Reducir o número de animais, refinar as técnicas e reempazar o uso de animais
- b) Rapidez, rotación e redución
- c) Racionalización do traballo, respecto ao animal e rapidez de execución do experimento
- d) Redución, reacción e racionalización

8. Respecto da rata

- a) É carnívora
- b) A glándula de Harder produce saliva
- c) O seu estómago ten dúas cavidades
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

9. Respecto da rata

- a) Ten un páncreas difuso
- b) É o único roedor capaz de vomitar
- c) Carece de cego
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

10. Os lagomorfos

- a) Teñen un ciclo estral de 6 días de duración
- b) Teñen unha ovulación inducida coa monta
- c) Teñen unha ovulación espontánea
- d) Teñen un período de xestación de 45 - 55 días

11. A distancia ano - xenital en roedores

- a) É máis grande en femias que en machos
- b) É dependente do individuo, non do xénero
- c) É máis grande en machos que en femias
- d) Ten a mesma distancia en ambos os xéneros

- 12. Que medida se recomenda para previr a entrada de insectos como fonte de contaminación nun animalario de roedores?**
- a) Uso de alfombras adhesivas
 - b) Instalación de trampas con luz ultravioleta e campo eléctrico
 - c) Aplicación de ozono no aire
 - d) Barreiras de chapa nas portas
- 13. Segundo o Real decreto 53/2013, cal das seguintes dimensións mínimas de recinto por animal é correcta para un rato adulto (>30 g), unha rata adulta (>600 g) para o aloxamento estándar en experimentación?**
- a) Rato: 0,033 m²; Rata: 0,15 m²
 - b) Rato: 0,018 m²; Rata: 0,06 m²
 - c) Rato: 0,006 m²; Rata: 0,025 m²
 - d) Rato: 0,01 m²; Rata: 0,09 m²
- 14. Cales son os signos de dor nunha rata?**
- a) Vocalización e aumento de peso
 - b) Aumento do grooming
 - c) Vocalización, pilo-erección, perda de peso e lordose
 - d) Lordose e aumento da actividade
- 15. Indique a resposta correcta respecto aos signos de dor en lagomorfos**
- a) Aumento de actividade
 - b) Aumento de inxestión de bebida
 - c) Dorso apoiado na parede da gaiola, inactividade e vocalización
 - d) Non son detectables a simple vista, hai que revisar ao animal
- 16. Cal dos seguintes signos son indicadores de dor no Dario rerio?**
- a) Ollos saltóns, perda de peso, perda de escamas e descoloración branquial
 - b) Ollos saltóns, perda de peso, perda de escamas e aumento da inxestión
 - c) Aumento da actividade e realizar movementos circulares
 - d) Aumento da actividade e da inxestión
- 17. Que método de eutanasia se pode aplicar en todas as especies animais?**
- a) Dislocación cervical
 - b) Sobredoses de anestésico
 - c) Dióxido de carbono
 - d) Gases inertes

- 18. Cal dos seguintes métodos para completar a eutanasia dun rato adulto consideras que é o máis rápido?**
- a) Confirmación do comezo do rigor mortis
 - b) Desangrado
 - c) CO₂
 - d) Dislocación cervical
- 19. Indica que forma de administración de CO₂ se considera aceptable en roedores**
- a) Non é un método aceptable en roedores
 - b) A cámara de eutanasia debe estar sempre previamente cargada con CO₂ ao 100%
 - c) Administración gradual
 - d) Administración repentina ou brusca
- 20. Cal destas vías de transmisión NON intervén na exposición a axentes zoonóticos nos centros de experimentación animal?**
- a) Vía percutánea
 - b) Vía respiratoria
 - c) Vía dixestiva
 - d) Vía peritoneal
- 21. Como se clasifican os axentes biolóxicos nun animalario?**
- a) Segundo o tamaño do microorganismo
 - b) En función da súa perigosidade para a saúde humana en 4 grupos de risco
 - c) Segundo a especie animal na que se atopan
 - d) Segundo a súa orixe xeográfica
- 22. Cal das seguintes afirmacións é correcta sobre o manexo de residuos biolóxicos nun animalario?**
- a) Poden eliminarse cos residuos domésticos se están ben selados
 - b) Deben segregarse, tratarse e eliminarse segundo os protocolos de bioseguridade específicos
 - c) Non requiren tratamento especial se proveñen de animais sans
 - d) Abonda con incineralos sen necesidade de clasificación previa
- 23. Que vía de administración permite a absorción máis rápida dun fármaco?**
- a) Vía subcutánea (SC)
 - b) Vía intramuscular (IM)
 - c) Vía intravenosa (IV)
 - d) Vía intraperitoneal (IP)

24. A administración oral en roedores pódese realizar

- a) Ladeando sempre os seus dentes prominentes
- b) Só para a súa vacinación
- c) Inxectando a nivel do estómago
- d) Mediante sonda esofáxica roma

25. Cal das seguintes afirmacións é a correcta en relación coa extracción de sangue?

- a) O sangue pódese obter a partir de veas, arterias ou directamente do corazón
- b) O volume mínimo de extracción recomendable supón un 10% do volume de sangue total para cada especie (50-80 ml/kg)
- c) Se o sangue se recolle sen engadir ningún compoñente anticoagulante este coagularase en poucos minutos, obtendo plasma tras a súa centrifugación
- d) A cantidade de anticoagulante necesaria non depende do volume de sangue extraído

26. A diferenza entre "procedemento" e "proxecto" consiste en

- a) Que un proxecto se pode compoñer de un ou varios procedementos
- b) Non existen diferenzas dentro do marco legal
- c) Que os proxectos se engloban dentro dos procedementos
- d) Que un procedemento adoita ser máis longo que un proxecto

27. En función da calidade do aire dentro do animalario, que tipo de barreira é a de mínima seguridade?

- a) Tipo I
- b) Tipo II
- c) Tipo III
- d) Tipo IV

28. O circuíto de limpeza do animalario establécese

- a) Iniciando polas zonas sucias e rematando polas estériles
- b) Iniciando polas estériles e rematando polas sucias
- c) É indiferente
- d) Só se deben limpar as zonas estériles

29. Nun animalario de contención biolóxica nivel 3

- a) É obrigatoria a descontaminación das gaiolas antes da retirada de penso, bebida ou leitos
- b) É obrigatoria a descontaminación das gaiolas só se hai algún animal morto
- c) Non é obrigatoria a descontaminación do material
- d) É obrigatoria a ducha do persoal á saída da instalación

30. Para o aloxamento dos ratos nunha instalación SPF debemos de ter en conta que

- a) Se están infectados deben estar en presión positiva e se son inmunodeficientes en presión negativa
- b) Nunca poden estar en presión positiva
- c) Se están infectados deben estar en presión negativa e se son inmunodeficientes en presión positiva
- d) Nunca poden estar en presión negativa

31. En que consiste a esterilización?

- a) A eliminación de todo microorganismo vivo en calquera material, incluíndo as formas resistentes ou esporas
- b) O tratamento aplicado a calquera animal para comprobar o seu estado de saúde
- c) A destrución masiva de organismos vivos, incluídos os insectos
- d) Ningunha das anteriores é correcta

32. En función da capacidade microbicida, os desinfectantes que actúan só en formas vexetativas bacterianas e algúns virus encapsulados son

- a) De alto nivel
- b) De baixo nivel
- c) De nivel intermedio
- d) Esporicidas

33. A morfina, o fentanilo e a petidina, a que grupo farmacolóxico pertencen?

- a) Benzodiazepinas
- b) Fenotiacinas
- c) Opioides
- d) Antagonistas adrenérxicos alfa 2

34. A eclosión dos incisivos nas crías de roedores ocorre cara á idade de

- a) Quince días
- b) Once días
- c) Cinco días
- d) Oito días

35. Cal destes signos non é necesariamente indicativo de falta de saúde?

- a) Erizamento do pelo
- b) Ollos pálidos ou decolorados
- c) Falta de brillo no pelo
- d) Feridas na cola

36. Os animais centinelas

- a) Téñense que estabular nunha habitación afastada aos animais que hai que controlar, con gaiolas e labras estériles
- b) Deben ter sempre a mesma base xenética que os animais a controlar
- c) Son animais microbioloxicamente definidos que se usan para os controis sanitarios
- d) Só son necesarios en caso de ter unha infestación

37. Para evitar enfermidades infecciosas en Dario rerio, que medicións da calidade da auga no acuario son as máis destacables?

- a) Concentración de oxixeno
- b) Non son importantes as medicións da auga
- c) Concentración de potasio
- d) Concentracións de amoníaco, nitritos, nitratos e pH

38. As condicións ambientais da instalación en que se críen, se manteñan ou se utilicen os animais de experimentación, verifícanse:

- a) Semanalmente
- b) Diariamente
- c) Só en caso dunha incidencia sanitaria
- d) Seguiranse os criterios propios do centro

39. Que significa que un animal sexa SPF (Specific Pathogen Free) nun animalario?

- a) Que foi modificado xeneticamente
- b) Que non estivo exposto a patóxenos específicos que poidan interferir cos estudos
- c) Que é resistente a calquera infección
- d) Que foi sometido a probas xenéticas para verificar a súa orixe

40. Cando é obrigatorio nun animalario o cambio total da roupa da rúa polo vestiario especial?

- a) Nivel de contención biolóxico 1
- b) Nivel de contención biolóxico 2
- c) Nivel de contención biolóxico 3
- d) Nivel de contención biolóxico 4

